

NOTA DE PRENSA

PRESENTACIÓN MAÑÁ XOVES DO MONOGRÁFICO DA REVISTA MURGUÍA DEDICADO ÁS IRMANDADES DA FALA

- A profesora Pilar García Negro e o profesor Uxío-Breogán Diéguez presentarán **mañá xoves** (Librería Sisargas, **19.30 horas**) o número monográfico de *Murguía, Revista Galega de Historia* dedicado ás Irmandades da Fala, dentro dos actos que organiza a CRMH da Coruña este mes para conmemorar o Levantamento Irlandés de 1916.

A Coruña, 8 de marzo do 2016.- Pilar García Negro, profesora da Universidade da Coruña, e Uxío-Breogán Diéguez, doutor en Historia pola Universitat de Barcelona, especialista na historia do nacionalismo galego e fundador e director de *Murguía, Revista Galega de Historia*, presentarán mañá xoves na Librería Sisargas (Rúa San Roque, 7) o número monográfico da revista dedicado ás Irmandades da Fala e a Galiza do seu tempo. Ambos falarán ademais dos vínculos entre os nacionalismos galego e irlandés de finais do século XIX e principios XX. O acto encádrase dentro do programa de conmemoración do Levantamento de Pascua de 1916 que organiza na Coruña a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica.

“Desde o seu nacemento, na primavera do 1916” –subliña o profesor Diéguez nun texto enviado á CRMH para a presentación do acto– “as Irmandades da Fala terán moi presente o Éirí Amach na Cásca (o Levantamento de Pascua). Desde o comezo da edición de *A Nosa Terra*, a partir de novembro daquel mesmo ano, as Irmandades daranse eco, como referencia de enorme relevo para o seu axir, do proceso soberanista irlandés, facendo seu o poema de Alfredo Brañas en chave patriótica: *¡Ergue, labrego [Galiza]! ¡Érguete e anda! ¡Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!*”.